

Extracto das bases da convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2016

BDNS (Identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>):

Primero. Beneficiarios:

Poderán acollerse a esta convocatoria todas as asociacións veciñais do municipio de Santiago de Compostela que cumpran os seguintes requisitos:

1. Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago, con anterioridade á publicación desta convocatoria, e ter actualizados os seus datos no citado Rexistro, consonte co que dispón o artigo 17 do *Reglamento de Participación Ciudadá*.
2. Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela.
3. Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

Segundo. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto establecer as normas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións de veciños, constituídas como tales, e con ámbito de actuación no Concello de Santiago, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral durante o exercicio 2016.

Tercero. Bases reguladoras

http://santiagodecompostela.gal/medi/transparencia/Informacion_economica_e_financieira/01._Orzamentos_2016/Orzamento_Concello_2016/02_Bases_de_Execucion_do_Orzamento_Concello_2016.pdf

Cuarto. Contía

A contía total que se destina a esta finalidade é de 64.800,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 33404 48901.

As contías individuais terán as limitacións que se recollen na base 5 (5.3 *O importe subvencionable será, como máximo, o 80% do orzamento de gastos que se detalle no formulario de solicitude ANEXO I, cun máximo subvencionable de 1.900,00 € por solicitude*)

Quinto. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de admisión de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.